

A Fundación López Abente nace ben escoltada

Ubaldo Cerqueiro - 31 Xaneiro 2011 - 08:12 |



Lopez-Abente-Salon

Gonzalo López Abente xa conta cunha Fundación que **tratará de coidar o seu legado, ademais de protexer a cultura galega e fomentar a creación artística en Muxía e na Costa da Morte**. Así quedou acordado na sesión do pasado sábado 29 de xaneiro de 2011, no acto de Constitución da Fundación López Abente, que se desenvolveu no salón de plenos do Concello de Muxía e no propio cemiterio.

O salón de plenos amosaba un estado rebotante, tanto polas **numerosas personalidades que asistían como veciños** interesados en coñecer de primeira man a intención desta nova aposta cultural. Alí estiveron o alcalde muxián e presidente da comisión xestora da Fundación, Félix Porto, o presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda, e os representantes das institucións que formarán parte do padroado da mesma: Xosé Luis Méndez Ferrín, presidente da Real Academia Galega; Francisco Díaz-Fierros, membro do Consello da Cultura Galega; Juan Casares Long, reitor da Universidade de Santiago; José M^a Barja, reitor da Universidade da Coruña; Luis Eugenio González Tózar, presidente do Pen Galicia e Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Pero as presencias máis agardadas eran as dos **escritores culpables de que a Fundación sexa unha realidade**. A presenza de **Miro Villar**, que pechou a sesión no salón cun breve laudatio de López Abente; **os irmáns Viki Rivadulla e X.H. Rivadulla Corcón** (que foron os que asinaron o primeiro escrito dirixido ao alcalde), **Manuel Vilar, Xan Fernández Carrera, ou Xesús Sambade**, dá boa conta de que a Fundación nace con grandes padriños.

I é que ademais de boa xente que fará da fundación un auténtico foco de atención, nace tamén con **bos apoios económicos**. Aí estará pois a Deputación, que xa aprobou no pleno a integración da institución provincial no padroado da Fundación.

Dentro dos estatutos da Fundación pénsase na **creación dun Museo Literario**, na promoción de **estudos de investigación e divulgación** da vida e obra de Gonzalo López Abente, Xervasio Paz Lestón, Vitorino Abente Lago e outros **escritores nados ou relacionados con Muxía**; na organización de **talleres literarios**, cursos relacionados coa literatura, actividades culturais, congresos e seminarios, así como promover actividades e accións de ámbito literario e cultural que teñan como obxectivo a difusión e promoción do idioma galego.